

### **3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

#### **INSTRUCCIÓNS:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. Sinale a frase correcta:**

- A) Cada un de nós produce máis dun quilo de lixo ao día que remata nalgún vertedoiro.
- B) Cada un de nós produce mais de un quilo de vasoira o día que remata en algún vertedeiro.
- C) Cada un de nos produce mais un quilo de lixo o día que remata nalgún vertedeiro.
- D) Cada un de nos produce máis dun quilo de vasoira ao día que remata en algún vertedoiro.

**2. Sinale a opción correcta:**

- A) Vamos saír en breve. Non deixedes ningunha luz acesa.
- B) Imos a saír en breve. Non deixades ningunha luz acesa.
- C) Vamos a saír en breve. Non deixeis ningunha luz acesa.
- D) Imos saír en breve. Non deixedes ningunha luz acesa.

**3. Sinale a frase correcta:**

- A) Trae unha sartén que a abuela va freir patacas. – Cuál? A roxa ou a naranxa?
- B) Trae una tichola que a aboa va fritir patacas. – Cál? A vermexa ou a laranxa?
- C) Trae unha tixola que a avoa vai fritir patacas. – Cal? A vermella ou a laranxa?
- D) Trae un xartén que a avó vai a freir patacas. – Cual? A vermelha o a laranxa?

**4. Sinale a opción correcta:**

- A) Antonte che mandei unha mensaxe; aínda non a liches?
- B) Antonte che mandei un mensaxe; aínda non o liches?
- C) Antonte mandeiche un mensaxe; aínda non o liches?
- D) Antonte mandeiche unha mensaxe; aínda non a liches?

**5. Sinale a frase correcta:**

- A) Teño o costume de boitar unha pinga de leite enteira no café.
- B) Teño a costume de botar unha pinga de leite enteiro no café.
- C) Teño a costume de boutar unha pinga de leite enteira no café.
- D) Teño o costume de botar unha pinga de leite enteiro no café.

**6. Sinale a serie conxugada correctamente:**

- A) Eu caibo, ti deas, ela di, nós estabamos, vós fagades, eles foron.
- B) Eu cabo, ti das, ela dice, nós estábamos, vós facedes, eles furon.
- C) Eu quepo, ti des, ela din, nós estabamos, vós fachedes, eles foiron.
- D) Eu caibo, ti diches, ela di, nós estaibamos, vós fagáis, eles fuiron.

**7. Indique o feminino correcto desta serie de palabras: ancián, folgazán, mao, nu, un.**

- A) Ancía, folgazana, má, núa, unha.
- B) Anciana, folgazá, maa, núa, unha.
- C) Ancía, folgazana, má, nuda, una.
- D) Ancía, folgazá, mala, núa, una.

**8. Sinale a frase correcta:**

- A) Que te pasou que tes esa vendaxe tan aparatosa? – Caí omte da bicicleta e rompín a nariz.
- B) Que che pasou que tes esa vendaxe tan aparatosa? – Caín onte da bicicleta e rompín o nariz.
- C) Que che pasou que tes ese vendaxe tan aparatoso? – Caín onte da bicicleta e rompí a nariz.
- D) Que te pasou que tes ese vendaxe tan aparatoso? – Caín omte da bicicleta e rompí o nariz.

**9. Sinale a serie conxugada correctamente:**

- A) Eu obedezo, ti traduciches, ela le, nós oimos, vós andaches, eles reiran.
- B) Eu obedezco, ti traducistes, ela lee, nós oímos, vós andastes, eles riran.
- C) Eu obedezo , ti traduciches, ela le, nós oíamos, vós andastes, eles riran.
- D) Eu obedezco, ti traducheste, ela lei, nós oigamos, vós andásteis, eles riren.

**10. Indique o plural correcto desta serie de palabras: animal, candil, difícil, español, pel.**

- A) Animás, candíls, difícís, españoles, pels.
- B) Animais, candís, difíciles, españois, peles.
- C) Animales, candís, difíciles, españós, pels.
- D) Animais, candiles, difícís, españois, peles.

Preguntas de reserva

**1. Sinale a serie correcta:**

- A) A dor, a abogada, o mensaxe, a voda, a garaxe.
- B) O dor, a advogada, a mensaxe, a boda, o garaxe.
- C) A dor, a avogada, a mensaxe, a voda, o garaxe.
- D) O dor, a adbogada, o mensaxe, a boda, a garaxe.

**2. Sinale a frase correcta:**

- A) Cando parecía que a tiña no bote, marchouse e deixouno ca mel nos beixos.
- B) Cando parecía que tíña no bote, marchou e o deixou co mel nos labros.
- C) Cando parecía que tíña no bote, se marchou e o deixou ca mel nos labios.
- D) Cando parecía que a tiña no bote, marchou e deixouno co mel nos beizos.